



## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

### **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 30 DE DECEMBRO DE 2025.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnense en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D<sup>a</sup>. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 5 DE NOVEMBRO DE 2025.-** Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 5 de novembro de 2025.

**2.- PLAN PROVINCIAL 2026.-** Unha vez vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, adoptan o seguinte acordo:

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Beade ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva ningunha.

2º) Solicitar a inclusión no Programa de investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, cunha achega provincial polo importe total de 48.400,00 €, dos seguintes investimentos:

- Investimentos para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, se é o caso, a achega municipal -na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-)



## CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

1.- Humanización Rúa Pateira, cun orzamento total de 48.400,00 €, sendo a achega provincial de 48.400,00 €

- Investimentos para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

3º) Solicitar a inclusión no Programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, cunha achega provincial polo importe total de 66.311,99 €, das seguintes actuacións:

- Gastos ou actuacións para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, de ser o caso, a achega municipal –na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-).

1.- Gastos de persoal municipal, cun custo total de 66.311,99 €, e achega provincial de 66.311,99 €.

- Gastos ou actuacións para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).




## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)



4º) Asumir o compromiso firme de incluír nos orzamentos do concello, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación provincial de Ourense para o exercicio 2026 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida.

5º) Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, que se achega como anexo do presente acordo.

**3.- LICENCIAS DE OBRA.-** Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licencia quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

**AUTORIZAR a D. JORGE MATO GÓMEZ**, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A., CIF: A63222533, con domicilio social en A Batundeira, 2 Velle 32960 Ourense, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmobile sito en orriñeira, 43 (Beadé), parcela con ref. catastral 1967107NG7816N0001QM, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de subministro de enerxía eléctrica a vivanda, segundo memoria presentada**, e de acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 3 de outubro de 2025, e Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

**A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:**

**\* 2% sobre presuposto de execución de 837,07 € .....16,74 €.**

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro